



Outra vez Rosalía

Inesgotable. Pasaron por ela os traxes santificadores, longos, de rola de Galicia, de nai e santiña, os de salón e profundos e toucados de poeta do cravo e da sombra, os xustos e cinguidoiros de poeta social e política, musa dos pobos, os prê a porter de poeta feminista avant la lettre... A aínda así Rosalía segue sendo inesgotable. Inesgotable na súa lectura (e non se le moito Rosalía) e inesgotable na propia escrita poética sobre Rosalía, todo un tema tópico debido (Curros, Cabanillas, Lorca, Pimentel coma ningún e reiteradamente).

Sempre hai, sempre nos está axexando unha Rosalía nova, unha Rosalía do trinque, nunca vista, inédita. Os tecidos, os atributos e o debuxo dos seus perfís foron variando ó longo da historia, como variaron e evoluíron as revisións estéticas e políticas do proxecto que ela mesma encabezou. E encabeza. A musa dos pobos, a rebelde e tola non se deixa apreixar doadamente na foto fixa que cada xeración pon enriba da mesa. Ou da cómoda. Ningunha outra figura literaria ou cultural ou política ou o que for xerou tantas páxinas, tantas imaxes, tanta música ou tanta arte en xeral coma Rosalía de Castro. Por volta das cincocentas composicións poéticas en 1985 (Xesús Alonso Montero) a ela dedicadas.

O Rexionalismo santificouna trasladándoa de Iria a Compostela en 1891, custosa peaxe. As Irmandades da Fala (Galicia-Cataluña) seguiron por ese camiño en 1917 erguéndolle o monumento da Alameda de Compostela. O 36 non puido fusilala. E entón chega a xeración de Galaxia con Ramón Piñeiro e Rosalía é esculpida moi finamente nos montes e moreas da condición universal, non rexional nin pintoresca (1952, *7 ensaios sobre Rosalía de Castro*), coa pedra metafísica e existencial Heidegger (santa Rosalía da saudade). Aínda dura. Pero nese libro do 52 hai outra cousa, esa si demoledora, que esgaza a idealización: Pimentel e non choremos xa máis, boca torta, pómulos marelos deformes pola dor, chove sobor das rosas e da escalinata do pazo.

E chega o 1963 co Días das Letras Galegas, coa xestación do nacionalismo organizado na esquerda e co poe-

ma de Arcadio López Casanova no que Rosalía, por fin, fai de Galicia Ceibe, anuncio da escritora patriótica e social e da escritora feminista que nos anos setenta e oitenta se foi rastrexando intensamente.

Pero Rosalía non se esgotou. E o Congreso Internacional a ela dedicado en 1985, lonxe de explicala, non fixo máis que abrir portas e interrogantes. É inesgotábel. As investigacións biográficas de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda desmontaron nos últimos anos falsos lugares comúns decisivos na comprensión cabal da autora: cómpre, urxe reescribi-la biografía. E outras achegas como as que recolle, ademais desta, o libro do proxecto *Rosalía 21*, desde a análise da paisaxe, de resultados tan fecundos, pasando polas estratexias discursivas, a utilización contracanónica dos cantares populares, deica os espazos simbólicos de transgresión e resistencia, o suxeito político, etc., fannos ver que Rosalía de Castro non se vai esgotar doadamente.

Porque Rosalía de Castro é unha poeta social á súa maneira, é unha poeta intimista á súa maneira, é unha poeta feminista á súa maneira, é unha poeta independentista á súa maneira, é unha poeta universal á súa maneira. Ela mesma contribuíu coas súas estratexias a ocultarse, mesmo a encriptarse. É precisa unha reedición da súa obra poética (incluíndo sen dubidalo *La flor* e *En las orillas del Sar*) que cuestione tódolos tópicos e vaia acompañada das novas olladas críticas. Sexa como for, Rosalía vai seguir sendo un reto para as futuras xeracións.

Sempre falará, sempre estará viva (se os seus lectores o están). E tamén vai seguir sendo usada. Tamén. Que Rosalía seguirá sendo bandeira nacional, non nos merece ningunha dúbida. A súa imaxe (sen corpo, sen traxe, sen ruído. E sen casa) está destinada a acompañar e iluminar para sempre, cos perfís que foren pero coa luz daquela estrela que lle puxo Curros na fronte, o (inesgotable) proxecto para Galicia que ela mesma axudou decisivamente a pór en marcha: o da liberdade

Anxo Angueira

Na foto, Anxo Angueira nos actos do 170 aniversario de Rosalía. en Iria Flavia